

PORTADA | SOCIEDADE | XERAL


PRESENTACIÓN EN MADRID

O renacemento do Couto Mixto

Marta Rodríguez Peleteiro . MADRID O Couto Mixto é un enclave de tres aldeas (Rubiás, Meaus e Santiago) que durante séculos funcionaron como unha república independente entre Galiza e Portugal.

20.11.2008 | 00:48

TAGS: COUTO , MIXTO , LUÍS GARCÍA MAÑÁ ,



Luis García Mañá. AGN

Calvos de Randín.

Durante séculos, estas aldeas foron unha terra de ninguén entre Galiza e Portugal, coas súas propias leis e privilexios en canto a aduanas até que no 1864 definíronse as fronteiras de hoxe e rematou o seu sistema de goberno, organizado ao redor dunha representación paritaria destes tres lugares na toma de decisións. Periódicamente elixíanse os xuíces do Couto, que administraban a xustiza na rexión. Existía tamén un armario de tres chaves que necesitaba da presenza dos representantes das tres aldeas para poder ser aberto e extraer os documentos.

Dentro das súas peculiaridades, contaban con asilo para os fuxidos da xustiza, non tiñan que abonar impostos, posuían liberdade de comercio e de cultivos, e non daban soldados. Dereitos e liberdades que foron recollidos nun documento firmado no 1819 e polo que o Couto non tiña relación con ningunha das coroas da península.

Segundo a tradición, dise que a orixe da institución está ligada ao Castelo da Piconha, vinculado co tempo á Casa de Bragança.

Durante o acto, proxectouse tamén un vídeo corto sobre a historia e a beleza das súas paisaxes e o xefe superior de Policía de Galiza, Luis García Mañá, presentou o seu libro *Couto Mixto. Unha república esquecida*.

Iniciativas

Mañá é autor de varias obras sobre a fronteira entre Galiza e Portugal e profundo coñecedor do Couto Mixto que, xunto cos veciños da zona, constituíron a Asociación de Amigos do Couto Mixto. En 1999 habitantes das tres aldeas, co apoio dos concellos afectados, crearon a devandita asociación na que se integrarían personalidades da cultura galega e portuguesa.

No 2000, creáronse e entregáronse os primeiros premios 'Xuíces Honorarios' do Couto Mixto, dirixidos ás persoas que apoiaron a recuperación da memoria de este lugar. Fernández del Riego, Constantino García, Máximo Salinas, Antón Rivero Coello, Xosé Benito Reza, Luis García e Cesáreo González, entre outros, contan xa con esta distinción. Tamén cada ano celébrase como mínimo un acto cultural en cada unha das aldeas.

O Couto Mixto recibiu no ano 2002 o 'Premio da Fundación Premios da Crítica' na súa sección de Iniciativas Culturais, pola recuperación da autoestima e memoria histórica como parte dun espazo xeográfico e cultural e por favorecer o reencontro da convivencia entre Galiza e Portugal a partir de raíces comúns.

Outra iniciativa recente foi a creación da Asociación de Veciños do Couto Mixto, que naceu coa finalidade de favorecer a participación veciñal nas actividades de recuperación do lugar. É a responsable da posta en marcha da web coutomixto.org, que ofrece unha ampla información sobre a historia e a situación do lugar ademais de información detallada sobre as súas actividades.

A Casa de Galiza de Madrid foi o escenario da presentación o mércores pola noite do Couto Mixto, un enclave de tres aldeas que durante séculos funcionou como unha república independente e que está a converterse nos últimos anos no eixo de múltiples iniciativas culturais que reivindicán a importancia deste lugar e da súa historia única.

O Couto Mixto é un enclave histórico entre Galiza e Portugal que na actualidade vive un renacemento que o sitúa no mapa cultural galego. Componse das aldeas de Rubiás, Meaus e Santiago, repartidas entre os concellos de Baltar e